

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN OURENSE O 3 DE MARZO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

#### **DECRETOS**

##### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Sarria do treito antigo da estrada LU-P-5602 da rede de estradas da Deputación Provincial de Lugo.
- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: "Fomento da mobilidade sustentable. Senda na OU-101. Treitos: A Medorra (P.Q. 7+750- 9+420) e Paiseo (P.Q. 13+780- 14+230)", nos concellos de Paderne de Allariz, do Pereiro de Aguiar e de San Cibrao das Viñas (Ourense).

##### **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de Cualedro.
- Decreto polo que se declara de utilidade pública e interese social o polígono agroforestal de iniciativa pública de Oímbra, no Concello de Oímbra (Ourense).

#### **ACORDOS**

##### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza o expediente gasto de carácter plurianual respecto da convocatoria dunha (1) bolsa de formación, dirixida a persoas cun título universitario, para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación (código de procedemento PR770M) e a concesión de pagamentos á conta por un importe superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza o expediente gasto de carácter plurianual respecto da convocatoria de 4 bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa Unión Europea na oficina da FGE en Bruxelas (código de procedemento PR770N) e a concesión de pagamentos á conta por un importe superior ao 80 % da porcentaxe subvencionada.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para a mellora da atención aos peregrinos e visitantes, por importe total de trescentos catro mil seiscentos sesenta e un euros con cincuenta e oito céntimos (304.661,58€).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia, a Fundación Catedral de Santiago e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para o apoio e reforzo da seguridade no complexo catedralicio, por importe total de oitocentos corenta e seis mil cento sesenta e cinco euros con noventa e dous céntimos (846.165,92€).

## CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se aproban os pregos de cláusulas administrativas particulares de referencia e o catálogo de criterios de adxudicación para a contratación de obra de edificación e obra civil por parte da Administración xeral e das entidades instrumentais, con independencia do seu tipo de financiamento.

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza o encargo a medio propio empresa de transformación agraria SA, SME, MP. (TRAGSA) da actuación para a recuperación, restauración e mellora da resiliencia das marxes en tramos fluviais seleccionados de ríos de Galicia: Mil Ríos Galicia”, liña de inversión I3 do compoñente C4– financiado pola Unión Europea a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRT) mediante o Instrumento do mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR), aprobado polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021- por importe de catro millóns cincuenta e sete mil novecentos sesenta e sete euros con cincuenta e cinco céntimos (4.057.967,55€).

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se aproba definitivamente a modificación nº1 do Proxecto sectorial para a implantación do Centro de Transportes e Terminal Intermodal de Ponte Caldelas, Pontevedra.

### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se autoriza a colaboración técnico-financeira da Xunta de Galicia co Concello de Lalín para a execución da obra: "Tanque de tormentas de Pontiñas e colectores interceptores. Lalín (Pontevedra)", por importe seis millóns setecentos dezaioito mil novecentos cincuenta e tres euros con noventa e seis céntimos (6.718.953,96€), cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80 %, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

### CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gasto de carácter plurianual e a concesión de anticipos de ata o 80 %, sen constitución de garantías, derivados da Resolución da Secretaría Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, e se procede á súa convocatoria no ano 2022 por un importe total de seis millóns cento sesenta e sete mil catrocentos oitenta e catro euros (6.167.484 €).

## MOCIÓNS E PROPOSTAS

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo da agresión militar de Rusia a Ucraína.

## INFORMES

### VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe do contrato para as obras de reforma e mellora do estadio do Couto en Ourense.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre o Plan de recuperación e valorización cultural e turística da Fortaleza de Monterrei.

### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

- Informe sobre o Plan estratéxico do Parque Tecnolóxico de Galicia - Tecnópole 2022-2024.

### **CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Informe sobre as actuacións realizadas e que vaian desenvolver para a construción dunha nova sede administrativa da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Ourense.
- Informe de medidas en materia de ciberseguridade lideradas pola Xunta de Galicia.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Informe sobre a ampliación do Parque Tecnolóxico de Ourense.

### **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Informe sobre o novo itinerario na cidade de Ourense para o fomento da mobilidade sustentable. Eixo Intermodal-CHUO-Seixalbo. Fondos Next Generation.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

- Informe emitido segundo o disposto na cláusula 5ª do Acordo polo que se aproban as instrucións para a coordinación das achegas económicas e investimentos da Xunta de Galicia nas universidades galegas, así como en calquera tipo de fundacións, sociedades ou entidades dependentes das universidades, calquera que sexa a figura xurídica.

### **CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

- Informe sobre o sometemento a consulta pública previa da elaboración do anteproxecto de lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño de Galicia 2021.
- Informe sobre o investimento da obra e do equipamento correspondente ao novo Servizo de Medicina Nuclear do Complexo Universitario de Ourense.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE SARRIA DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA PROVINCIAL QUE PASA POLO NÚCLEO DE AGUIADA

- Transfírese un treito de 467 metros de lonxitude da vía LU-P-5602, coincidente coa actual vía provincial que comunica Samos, Pintín e Sarria
- A entidade local terá competencia para actuar neste treito e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Sarria dun treito antigo da estrada provincial LU-P-5602, no núcleo de Aguiada.

A Xunta recibiu o acordo do pleno da Deputación Provincial de Lugo do cambio de titularidade a favor do Concello de Sarria deste vello treito coincidente coa actual LU-P-5602, que comunica Samos, Pintín e Sarria. A entidade provincial tamén achegou o certificado do acordo adoptado polo Concello de Sarria de aceptación do dito cambio de titularidade.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas en Lugo, formula a proposta favorable de transferencia dun treito de 467 metros de lonxitude, pertencente ao citado treito vello da estrada LU-P-5602, comprendido entre os puntos quilométricos 13+608 e 14+142.

A transferencia a prol do Concello de Sarria tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Consello da Xunta o Concello terá a competencia para actuar neste treito e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento. O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA EXECUTAR DÚAS SENDAS NA ESTRADA OU-101, AO SEU PASO POLOS CONCELLOS DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS, O PEREIRO DE AGUIAR E PADERNE DE ALLARIZ**

- A actuación supón un investimento de máis de 1 M€, incluíndo o pagamento dos 65 predios necesarios para desenvolver os itinerarios na marxe esquerda da vía, no núcleo da Medorra e ao longo do Parque Tecnolóxico de Galicia, e no Paiseo
- Prevese avanzar nas expropiacións e licitar as obras no segundo trimestre deste ano, para iniciar os traballos no outono, cun prazo de execución de 6 meses
- Un treito de senda comezará ao pasar o cruzamento co rego de Pazos, discorrendo o seu trazado por toda a marxe esquerda da estrada, ata chegar ao núcleo das Campinas
- O outro tramo iníciase no cruzamento de acceso ao núcleo de Cascarreira, discorrendo pola marxe esquerda da vía ata o cruce de acceso ao núcleo de Paiseo
- A expropiación necesaria para a execución da obra reduciuse ao mínimo posible tras a información pública do proxecto
- Os novos itinerarios enmárcanse no Plan de Sendas de Galicia na comarca de Ourense, cun investimento de 6,4 M€ para executar 16 km de novas sendas
- A Xunta segue a traballar na mellora da seguridade viaria e da mobilidade en Ourense: vén de rematar a 2ª fase da ponte romana; ultima a 2ª fase de mellora en Seixalbo; e avanza no proxecto da rolda leste entre Bemposta e a N-525, para pechar a circunvalación polo sur coa A-52

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos terreos necesarios para a execución de dúas sendas peonís na estrada autonómica OU-101, ao seu paso polos concellos de San Cibrao das Viñas, O Pereiro de Aguiar e Paderne de Allariz.

O Goberno galego destinará a esta actuación un investimento de máis de 1 millón de euros, en que se inclúe o pagamento dos 65 predios necesarios para a construción de dous itinerarios peonís e ciclistas na marxe esquerda da vía autonómica.

Un primeiro itinerario comezará á altura do núcleo da Medorra e desenvólvese ao longo do Parque Tecnolóxico de Galicia Campo Alegre, no núcleo da Medorra; e a outra senda desenvolverase na contorna de Paiseo.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento de actas previas das expropiacións e licitará as obras no segundo trimestre deste ano, co obxectivo de iniciar os traballos no outono, cun prazo de execución de seis meses.

O obxectivo desta intervención da Xunta é actuar nas zonas que carecen na actualidade dun espazo propio para o tránsito de peóns, co fin de ofrecer unha mellora importante da seguridade viaria aos veciños destes municipios.

Segundo o proxecto definido polo departamento de Infraestruturas da Xunta, o primeiro dos tramos comeza no punto quilométrico 7+750, ao pasar o cruzamento co rego de Pazos, para discorrer o seu trazado por toda a marxe esquerda da OU-101, ata chegar ao punto 9+420, xa no núcleo das Campinas. Deste xeito, facilítase o tránsito peonil aos veciños dos núcleos rurais desta zona, que carecen na actualidade de beirarrúas.

Doutra banda, o segundo dos tramos proxectados iníciase no cruzamento de acceso ao núcleo de Cascarreira, no punto quilométrico 13+780. Este treito discorrerá por toda a marxe esquerda ata alcanzar o cruzamento de acceso ao núcleo de Paiseo, no punto 14+230. Esta zona conta tamén con edificacións dispersas entre os núcleos de poboación.

Os itinerarios acadarán unha lonxitude total superior aos 2,1 km e un ancho mínimo de 1,80 metros e irán separados do tronco da estrada. En función das necesidades, os elementos de separación poderán ser mediante cuneta revestida e con perfil de seguridade, unha parte de vexetación máis bordo de ancho de 50 metros, ou bordo de sinalización.

Na intervención inclúese a execución en tres puntos dun muro de sostemento do terreo, ata sumar unha lonxitude total duns 80 metros e con alturas entre 1,50 e 2,70 metros. Ademais, disporanse máis de 500 metros de varanda de protección polo desnivel da senda con respecto ao terreo, así como tres novos refuxios nas paradas de autobús situadas no treito de actuación.

Tras o sometemento a información pública, o proxecto axustouse de xeito que a nova senda se adapta o máximo posible ao espazo dispoñible actual, minimizándose as expropiacións, sempre que se cumpra o obxectivo de contar cun ancho mínimo de senda libre de obstáculos de 1,80 metros.

A actuación é susceptible de financiamento con fondos europeos Feder React-EU.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA


## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A intervención autorizada hoxe polo Executivo autonómico enmárcase no Plan de sendas da comarca de Ourense, que recolle un investimento de 6,4 M€ en 16 km de novos itinerarios.

Neste momento están en execución as sendas dos parques empresariais, en San Cibrao e no Pereiro de Aguiar, que se retomaron en decembro tras a preinstalación do alumeadado; en proceso de contratación as obras de tres sendas nas estradas OU-105, OU-536 e na avenida de Ponferrada; en supervisión o proxecto das sendas das Vendas e Santa Baia; e coa previsión de licitar nas vindeiras semanas as sendas de Montealegre e Valderregueiro.

O Goberno galego segue a traballar e investir na mellora da seguridade viaria e da mobilidade en Ourense, onde vén de rematar as obras da 2ª fase da ponte romana e está a ultimar a 2ª fase de Seixalbo. Tamén avanza na rolda leste entre Bemposta e a N-525, cuxa redacción do proxecto construtivo está xa adxudicado, para pechar a circunvalación polo sur conectando coa A-52.

No seguinte plano amósase o ámbito das actuacións:



Treito de senda da Medorra:

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
comunicacion@xunta.gal  
www.xunta.gal

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Treito de senda de Paiseo:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA E DE INTERESE SOCIAL OS DOUS PRIMEIROS POLÍGONOS AGROFORESTAIS DE INICIATIVA PÚBLICA EN OÍMBRA E CUALEDRO

- O Consello do Goberno galego aprobou hoxe estes dous acordos da Consellería do Medio Rural, que afectarán unha superficie de 22 hectáreas en Oímbra e 64 hectáreas en Cualedro
- O estudo de viabilidade aprobado en cada caso determinou os usos e actividades admisibles, así como as boas prácticas agroforestais aplicables
- No polígono de Oímbra establécese como actividade principal os cultivos agrícolas de ciclo curto e, como actividade secundaria, a plantación de árbores para obtención de froito e/ou gandaría en extensivo
- No polígono de Cualedro establécese como actividade principal a gandaría en extensivo e como actividade secundaria outros cultivos agrícolas e de árbores froiteiras

O Goberno galego aprobou hoxe os dous acordos da Consellería do Medio Rural para declarar de utilidade pública e de interese social dous polígonos agroforestais de iniciativa pública, que estarán situados nos concellos ourensáns de Oímbra e Cualedro. Desta forma, iníciáanse os traballos para executar os dous primeiros polígonos deste tipo, ao abeiro da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia.

Neste senso, cabe sinalar que o pasado 27 de decembro de 2021 saían publicados no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) os procedementos de aprobación para o desenvolvemento destes dous polígonos agroforestais, os cales motivaron a elaboración do estudo de viabilidade en cada un dos casos. Unha vez feitos e aprobados estes estudos, determinouse decretar ambos os procedementos para iniciar así a redacción do proxecto básico de cada un dos polígonos. Seguidamente, iniciárase a investigación da titularidade dos predios e os traballos de reestruturación da propiedade en ambas áreas, de seren necesarios.

Cabe sinalar que neste caso, ao tratarse de polígonos de iniciativa pública, ambos os procedementos serán sometidos a un proceso de concorrencia competitiva. Ademais, cómpre ter en conta que a declaración de utilidade pública e interese social implica o recoñecemento da existencia de razóns de interese público para os efectos da aplicación da tramitación de urxencia de ambos os procedementos.

Desta forma, coa aprobación destes decretos -que terán que saír publicados no *Diario Oficial de Galicia* para a súa entrada en vigor- acordouse o inicio destes procedementos,

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

que teñen como obxectivo prioritario poñer en produción áreas de terra agroforestal con boa capacidade produtiva que acadaron co paso do tempo estados de abandono ou infrautilización, recuperando deste xeito unha actividade agrícola ou forestal.

No caso do polígono agroforestal de Oímbra, contará cunha superficie de case 22 hectáreas repartidas en 70 parcelas de 73 propietarios. Pola súa banda, o polígono agroforestal de Cualedro constará de 64 hectáreas, repartidas nunhas 70 parcelas de 70 propietarios.

### Usos e actividades admisibles

Ademais, o estudo de viabilidade aprobado en cada caso determinou os usos e actividades admisibles, así como as boas prácticas agroforestais aplicables. Neste senso, no polígono de Oímbra establécense en toda a súa extensión como actividade principal os cultivos agrícolas de ciclo curto e, na parte sur, gandaría en extensivo. Como actividade secundaria, identificáronse as árbores froiteiras e, tamén na parte sur, a gandaría en extensivo.

No polígono de Cualedro, a actividade principal que se establece é a gandaría en extensivo e cultivos complementarios, prevendo o aproveitamento para gando vacún (para produción de carne), porcino, ovino e cabrún. Calquera das modalidades elixidas deberá ser en extensivo e terán prioridade aquelas explotacións que inclúan unha produción integrada en ecolóxico. Como actividade secundaria, identificáronse outros cultivos agrícolas e de árbores froiteiras, mantendo en calquera caso a vexetación de ribeira existente.

En calquera caso, cabe sinalar que as causas polas que procede desenvolver estes dous polígonos son a existencia dun estado de abandono ou infrautilización dun mínimo do 50 % da superficie de terras do polígono agroforestal, así como o acordo das persoas propietarias dos predios, acadando ata un 70 % da superficie das terras incluídas no perímetro proposto. Neste caso concreto, cabe resaltar que en Oímbra asinaron o acordo os propietarios do 86 % da superficie para a posta en marcha do polígono e en Cualedro rubricaron os donos do 78 % da superficie.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA ACORDA CONVOCAR 5 BOLSAS DE FORMACIÓN EN ASUNTOS COA UE, INNOVACIÓN E INVESTIGACIÓN NA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

- A Fundación vai convocar 3 bolsas dirixidas a persoas cun título universitario, 1 bolsa dirixida a persoas cun título de formación profesional, e 1 bolsa dirixida a persoas cun título universitario para a realización de prácticas en políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación
- O obxecto das bolsas é apoiar a formación en asuntos comunitarios das persoas beneficiarias, procurando favorecer coa experiencia adquirida a súa integración laboral

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza o expediente de gasto de carácter plurianual respecto da convocatoria de 5 bolsas de formación, dirixidas a persoas cun título universitario ou cun título de técnico superior de formación profesional, para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa UE, e 1 bolsa dirixida a persoas cun título universitario para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación.

Para os exercicios 2022 e 2023 a Fundación vai convocar 4 bolsas de formación, 3 bolsas dirixidas a persoas cun título universitario e 1 bolsa dirixida a persoas cun título de formación profesional, para a realización de prácticas en asuntos relacionados coa UE. O obxecto das bolsas é apoiar a formación en asuntos comunitarios das persoas beneficiarias, procurando favorecer coa experiencia adquirida a súa integración laboral.

O programa formativo ten unha duración de 11 meses e desenvolverase na oficina da FGE en Bruxelas. Prevese que a incorporación das persoas bolseiras se poida producir no mes de setembro de 2022. O importe total das 4 bolsas é de 63.775 € cunha retribución bruta mensual de 1.350 euros.

Na mesma liña, estase a tramitar unha resolución de convocatoria mediante a que a FGE vai convocar de 1 bolsa dirixida a persoas cun título universitario para a realización de prácticas en materia de políticas e programas europeos no ámbito da innovación e a investigación. A retribución bruta mensual á persoa bolseira ascende á contía de 1.350 euros.

O programa formativo da bolsa terá unha duración de 12 meses. O lugar de desenvolvemento da bolsa será a oficina da FGE en Bruxelas, podendo realizar tamén breves períodos formativos nas dependencias de Gain en Santiago de Compostela ou

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

onde se indique. Prevese que a incorporación da persoa bolseira se produza no mes de novembro de 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)





## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA ESTE ANO 1,1M€ PARA REFORZAR A SEGURIDADE DA CATEDRAL E Á MELLORA DA ATENCIÓN AO PEREGRINO

- A través de Turismo de Galicia subscribe dous convenios con Fundación Catedral e S.A.M.I. Catedral co obxectivo de garantir a seguridade e mellorar a experiencia do peregrino neste segundo Ano Santo
- Incrementa nun 10 % respecto a 2021 o orzamento destinado a estes dous convenios, ante a previsión de que a afluencia de peregrinos e visitantes sexa maior neste 2022 coa mellora das condicións sanitarias e a recuperación da mobilidade internacional

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de senllos convenios de colaboración entre Vicepresidencia Primeira a través da Axencia de Turismo de Galicia coa Fundación Catedral e a S.A.M.I. Catedral de Santiago de Compostela para apoio e reforzo de seguridade do Complexo Catedralicio e para a mellora da atención aos peregrinos e visitante no Centro internacional de acollida aos peregrinos. Ambos os convenios suporán un investimento conxunto de 1,1M€ co obxectivo de garantir a seguridade e ofrecer unha correcta atención aos peregrinos e visitantes durante este segundo Ano Xacobeo.

Para estes efectos, o Goberno galego destinará neste 2022 un importe de 846.165,92 euros para o reforzo do persoal de seguridade destinado tanto á Catedral de Santiago como á Oficina de atención ao peregrino do Centro Internacional de Acollida. Ademais, de xeito complementario, destinará un importe total de 304.661,58€ para seguir apoiando e reforzando o funcionamento deste mesmo Centro Internacional, co obxectivo de mellorar a acollida dos milleiros de peregrinos que se agarda sigan chegando ao longo deste ano.

Cómpre lembrar que o Centro Internacional de Acollida ao Peregrino concentra todos os servizos de atención relacionados co Camiño de Santiago: a Oficina do Peregrino, onde se obtén a Compostela; o punto de acollida aos peregrinos, a capela e espazo para actos, ademais dun punto de información do Camiño, un espazo para as asociacións xacobeas, biblioteca e un punto onde se implantará o futuro centro de documentación do Camiño de Santiago.

#### **Reforzo para o Xacobeo 22**

A subvención destinada a ambos os convenios tradúcese nun incremento do 10 % respecto do orzamento que a Xunta dedicou o ano pasado, en que se destinou algo máis dun millón de euros a estes dous obxectivos. A ampliación do crédito responde á previsión de que se vaia incrementar a chegada de viaxeiros e peregrinos neste segundo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ano Santo, grazas á mellora da situación sanitaria e á recuperación da mobilidade internacional, polo que o Goberno galego quere seguir actuando con anticipación e eficiencia, garantindo así a mellor experiencia para todos os visitantes.

Cómpre lembrar que en 2021 expedíronse case 180.000 compostelas, superando en preto de 40.000 as previsións iniciais, con medias de máis dun milleiro de peregrinos diarios, unha cifra que se agarda superar amplamente na medida en que o Camiño de Santiago poida recuperar a peregrinación internacional. Esta expectativa fai preciso reforzar a seguridade no templo e incrementar a contratación de persoal da Oficina do Peregrino para axilizar a súa atención e evitar aglomeracións. Trátase, en definitiva, de mellorar a súa experiencia ao remate do Camiño, evitando esperas e atendendo os peregrinos adecuadamente para que a acollida en Santiago supoña o mellor colofón ao final do Camiño.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# GALICIA É A PRIMEIRA COMUNIDADE AUTÓNOMA EN CONTAR CUN CATÁLOGO DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS

- O Consello da Xunta aproba tamén o uso de pregos de referencia para o seu uso polos órganos de contratación da Administración xeral e por parte das entidades instrumentais
- A fórmula matemática para a valoración das ofertas económicas será igual para todos os órganos de contratación
- Os criterios de adxudicación están baseados na calidade da oferta técnica e en aspectos ambientais e sociais

Galicia é a primeira comunidade autónoma en aprobar un catálogo de criterios de adxudicación para a contratación de obras, con especial fincapé nas financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR). O Consello da Xunta acaba de aprobar tamén o uso de pregos de referencia para o seu uso polos órganos de contratación da Administración xeral e por parte das entidades instrumentais.

A fórmula matemática para a valoración das ofertas económicas será igual para todos os órganos de contratación. Os criterios do catálogo xiran en torno a catro elementos: os que se fundamentan no valor técnico da oferta, os de carácter social e impulso demográfico, os de carácter ambiental e os particulares dos tipos de obra - como as de educación, as de centros de servizos sociais ou as obras que se fan en bens do patrimonio cultural-.

Esta harmonización ten vantaxes tanto para os contratistas, que atoparán pregos, documentación e modelos iguais, o que lles facilitará o seu exame e comprensión e facilitará a preparación das ofertas; como para a Administración, xa que reduce os tempos de informe e fiscalización e elimina os erros máis frecuentes, ao ter un único texto.

Estes novos pregos de referencia, ademais, están adaptados aos requisitos do MRR, polo que inclúen medidas antifraude como declaracións de conflitos de intereses, ou a prohibición de que os técnicos que elaboran o prego de prescricións técnicas (PPT) interveñan na mesa de contratación e na valoración.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INICIA O PROXECTO MIL RÍOS COA MELLORA DOS PRIMEIROS 260 KM DE MARXES FLUVIAIS PARA AUMENTAR A SÚA RESILIENCIA E CAPACIDADE DE RESPOSTA CLIMÁTICA**

- No Día mundial da natureza, a Consellería de Medio Ambiente presenta as medidas que recolle este proxecto, dotado de 5 M€ de fondos europeos, que fixa como primeira actuación a restauración dos ecosistemas de 17 ríos, 4 deles en Ourense
- Nunha segunda fase levarase a cabo a restablecemento ecolóxico do humidal de Cospeito e a mellora dos corredores fluviais de máis dunha trintena de ríos
- Con esta iniciativa quérese poñer en valor o papel identitario das arteriais naturais de Galicia, responsables de transportar nutrientes, suavizar o clima galego e de vertebrar o territorio

A Xunta de Galicia impulsa o Proxecto Mil Ríos para incrementar a resiliencia e capacidade de resposta ante o cambio climático dun dos principais reservorios da biodiversidade da Comunidade: os ríos.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pechou a planificación das medidas que recolle este programa de recuperación e restauración das marxes fluviais de Galicia, que prevé un investimento global de 5 millóns de euros de fondos europeos.

O Consello da Xunta, coincidindo co Día Mundial da Natureza, acordou autorizar o inicio dos traballos, que se centrarán na mellora do estado de conservación de 17 ríos galegos e que suman máis de 260 quilómetros de leito fluvial —máis de 960 hectáreas— ao longo de 38 concellos galegos.

Cómpre indicar que Galicia ten unha rede hidrográfica ampla e basta, cuxa mellora é inabarcable nun único proxecto; polo que se apostou por intervir nas catro provincias e seleccionar aqueles ríos en función do grao de ameazas e alteracións existentes.

Así, actuarase en 8 concellos coruñeses polos que pasan os ríos Sor, Mera, Mandeo e Tambre; nos ríos lucenses Masma, Landro, Lor-Louzára, Ouro e Guisande, que discorren por 13 concellos da provincia; nos ríos Illa, Caldo, Outeiro e Cerves, e os seus afluentes, ao seu paso por 4 municipios da provincia de Ourense; e nos ríos pontevedreses Ulla, Lérez, Tea e Miño, que discorren por 13 concellos.

Os traballos consistirán na eliminación de especies exóticas invasoras, que compiten coas autóctonas desprazándoas e alterando os equilibrios ecolóxicos locais; a mellora da vexetación de ribeira, incrementando a biodiversidade e conectividade ecolóxica; e en

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

suprimir obstáculos e mellorar os dispositivos de franqueo, co que se reforza a capacidade de adaptación dos ríos.

Desde a Consellería de Medio Ambiente salientase a importancia deste proxecto polo papel que teñen os ríos, e cursos fluviais, xa que son as arterias naturais da Comunidade, que equilibran o ciclo hidrolóxico, transportan nutrientes desde ou seu nacemento ata o mar, contribúen a suavizar as condicións meteorolóxicas e climáticas –especialmente en zonas áridas–, e tamén teñen a función de eixos vertebradores do territorio e xeradores de paisaxes.

### **Restauración da lagoa de Cospeito e dos bosques de ribeira**

Cada 3 de marzo celébrase o Día Mundial da Natureza, unha cita para ensalzar o valor da natureza e da súa contorna nas nosas vidas e, por suposto, dos problemas que a poden poñer en perigo. O lema deste ano, *Bosques e medios de vida: sustentabilidade dos pobos e do planeta*, pon o foco no poder dos bosques, e Galicia aposta polo papel dos bosques de ribeira, a través de Mil Ríos.

Trátase dun proxecto impulsado pola Consellería de Medio Ambiente, que considera unha oportunidade aproveitar os recursos europeos dos fondos de recuperación para avanzar tamén na recuperación dos bosques de ribeira e na restauración da lagoa de Cospeito. Estas dúas actuacións tamén se impulsarán a partir deste ano, nunha segunda fase, e contarán con case un millón de euros.

A lagoa de Cospeito é un espazo de 37 hectáreas en que se levarán actuacións de conservación, mellora e restauración para corrixir e reducir as situacións anómalas e garantir a súa conservación en condicións favorables nos próximos anos, para asegurar un bo estado de conservación para os hábitats e as especies de flora e fauna.

Así, restaurarase o bosque de ribeira no corredor fluvial de Guisande, manterase o sistema de presas do humidal; e recuperarase o campo visual dos observatorios de aves, creándose unha nova lámina de auga no entorno do observatorio principal.

Por outra banda, tamén se prevé unha actuación coa manter en condicións de adecuado tránsito e limpeza os carreiros, así como os accesos aos ríos e principais puntos de interese, prestando especial atención á erradicación de especies exóticas invasoras. Na actualidade, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural está a pechar os tramos dos ríos nos cales se actuará nesta liña, e que superan a trintena.

En definitiva, o dominio público hidráulico, ademais de ser un magnífico escaparate da biodiversidade galega, é un espazo para o seu uso do público, como área de lecer e espaxamento ao aire libre, en que se poden levar a cabo actividades de diversa índole,

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como sendeirismo, a pesca fluvial, ou a propia observación da natureza; que supoñen un elemento dinamizador da economía das zonas rurais.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA PON Á DISPOSICIÓN DO TECIDO INDUSTRIAL E EMPRESARIAL 34.000 M<sup>2</sup> NA CENTRAL DE TRANSPORTES DE PONTE CALDELAS

- A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda impulsou unha modificación do proxecto sectorial para ampliar os usos deste ámbito, reservado ata o de agora ao loxístico
- Acolle 43 parcelas de entre 450 e 10.000 m<sup>2</sup> e estará dotada dunha rede viaria que sumará máis de 38.000 m<sup>2</sup> e máis de 350 prazas de aparcamento

A Xunta de Galicia porá á disposición do tecido empresarial e industrial unha superficie de 34.000 m<sup>2</sup> na Central de Transportes de Ponte Caldelas.

Isto é factible grazas á modificación número un do plan sectorial deste ámbito, que tramita a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e que foi aprobada esta mañá polo Consello da Xunta.

Este cambio implica abrir os usos permitidos neste ámbito, limitados ata o de agora aos loxísticos —xa que foi concibido como unha central de transportes—, aos usos industriais e terciarios habituais dos parques empresariais.

Deste xeito, aténdese á demanda nesta área industrial da periferia urbana da cidade de Pontevedra, sen precisar dunha reurbanización, senón só o cambio a usos industriais xenéricos, similares aos dos polígonos da Reigosa e do Campiño, con que limita.

De feito, as obras de urbanización están case rematadas, salvo a construción de beirarrúas, que non existían no proxecto inicial ao tratarse dunha zona dedicada ao transporte. Por este motivo, está prevista a construción de máis de 2,8 km de beirarrúas.

Non obstante, a modificación supón alteracións no deseño deste ámbito que abarca en total case 87.000 m<sup>2</sup>, ao ampliar a superficie reservada para a rede viaria local en 17.000 m<sup>2</sup>, ata chegar aos 38.740; aumentar en case 1.000 m<sup>2</sup> os espazos libres, ata os 11.663 m<sup>2</sup>, con novas sendas peonís; e elevar as prazas públicas de aparcamento ata as 361.

O parque organizarase en 43 parcelas cunha dimensión mínima de 450 m<sup>2</sup> e máxima de case 1.000 m<sup>2</sup>.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE LALÍN PARA A MELLORA DO SANEAMENTO DO NÚCLEO URBANO CUN INVESTIMENTO AUTONÓMICO DE MÁIS DE 6,7 M€

- Executarase un tanque de tormentas no río Pontiñas e melloraranse os colectores co fin da capacidade de xestión das augas residuais e minimizar as verteduras en tempo de choiva
- A Xunta, que financia integramente a actuación, prevé licitar as obras a finais deste mes de marzo para iniciais a principios de 2023 cun prazo de execución de 12 meses
- Os traballos están incluídos no Plan director de saneamento local como unha das actuacións prioritarias para a mellora do saneamento e depuración municipais
- O Concello deberá pór á disposición os terreos necesarios, tramitar as autorizacións e asumir posteriormente as actuacións realizadas
- Prevese tamén a integración paisaxística da contorna do tanque de tormentas, onde se disporá un parque infantil, con elementos de xogo que lembren o cocido, prato e emblema cultural representativo do municipio

A Xunta de Galicia colaborará co Concello de Lalín para executar as actuacións necesarias para a mellora do sistema de saneamento municipal no núcleo urbano, cun investimento autonómico de máis de 6,7 millóns de euros.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración técnico-financeira da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, co Concello de Lalín para executar un tanque de tormentas na zona do río Pontiñas e mellorar os colectores interceptores. As actuacións teñen como finalidade aumentar os volumes de regulación e a capacidade de xestión das augas residuais en tempo de choiva.

En cumprimento da colaboración autorizada hoxe polo Goberno galego, a administración hidráulica da Xunta asume integramente o financiamento desta actuación, considerada prioritaria no Plan director de saneamento do núcleo de Lalín impulsado pola entidade hidráulica da Xunta, para mellorar o funcionamento da rede de saneamento do Lalín, reducindo o número e volume de verteduras.

Segundo esta colaboración técnico-financeira co Concello, Augas de Galicia levará a cabo a contratación e execución das obras, así como a súa dirección e xestión ata completar a súa finalización.

Pola súa banda, o Concello de Lalín asume a posta á disposición e xestión dos terreos necesarios, a obriga de conseguir as autorizacións para a execución dos traballos, recibir

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

as obras, así como o seu mantemento e conservación, empregando as instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.

Unha vez autorizada hoxe esta colaboración técnico-financiera, Augas de Galicia prevé iniciar a finais deste mes de marzo o proceso de licitación das obras, co obxectivo de comezar os traballos a principios do vindeiro ano. A actuación conta cun prazo de execución de 12 meses. As obras estarán cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa operativo Feder Galicia 2014/2020.

### **Antecedentes e o obxecto do proxecto**

Actualmente, o sistema de saneamento do concello de Lalín está composto por unha extensa rede de colectores, uns 120 km, de carácter principalmente unitario. As augas residuais da zona céntrica de Lalín son recollidas polo colectores interceptores que discorren por ambas as marxes do río Pontiñas. O sistema conta con 11 estacións de bombeo principais e finaliza na estación depuradora de augas residuais de Corredoira, encaixada na marxe dereita do paseo do Pontiñas.

Cos datos e as conclusións recompiladas durante a redacción do Plan director de saneamento Local, determinouse a necesidade de aumentar a capacidade dos colectores das marxes do río Pontiñas e a inserción na rede dun tanque de tormentas que permita a regulación do sistema durante os episodios de choiva.

Estas dúas actuacións recollidas na colaboración autorizada polo Consello da Xunta considéranse necesarias para reducir e minimizar as verteduras de auga sen tratar ao medio, que adoitan acontecer en episodios de choiva.

Máis concretamente, a actuación na rede de colectores interceptores consiste na execución de 4 treitos principais, con diámetros desde 400 mm a 2.000 mm, e pequenos treitos de entroncamento para a conexión coa rede existente. Tamén se deseña un alivio desde o tanque de tormentas e unha conducción de baleirado do tanque. Esta última funcionará por gravidade e conectarase á rede de saneamento existente conducindo o caudal ata a depuradora de Lalín.

É dicir, executaranse os novos colectores das marxes esquerda e dereita do río Pontiñas; o colector que recolle as augas residuais da zona sur para conducilas ao tanque de tormentas; e, por último, o colector que recolle a rede de saneamento da parroquia de Donramiro.

En canto á construción do tanque de tormentas a estrutura estará semisoterrada e deseñada para un volume de retención de 5000 m<sup>3</sup>. O tanque baleirarase por gravidade

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

para o que se instalará unha válvula vórtex, en cámara semiseca, que limitará o caudal máximo permitido pola futura ampliación da estación depuradora de augas residuais para esta conca do río Pontiñas.

Construirase un edificio auxiliar, en que se instalará un pretratamento inicial con pozo de grosos e reixas de desbaste, que recibirá todo o caudal de chegada. O aliviadoiro disporá dun tamiz con paso de sólidos de 6 mm, deste xeito o caudal aliviado desde o tanque recibirá un pretratamento antes da súa vertedura.

### **Parque infantil e a plantación de árbores**

A actuación prevé, ademais, que o propio tanque de tormentas estea integrado paisaxisticamente, coa disposición dun parque infantil e a plantación de árbores e arbustos na contorna.

Para humanizar a superficie de formigón xerada pola construción do tanque de tormentas, prevese a disposición dun parque infantil, con elementos de xogo que lembren o cocido, prato e emblema cultural representativo do municipio.

Proxéctase a execución dunha zona de xogos para os máis pequenos, cunha tirolina a continuación da que se disporá un túnel de rede con forma de chourizo, ademais dunha gaiola de rede con forma de porco. Este elemento está deseñado para poder practicar diferentes actividades no seu interior: xogos de pelota, labirinto de cordas, paredes trepadoras, barra de bombeiros, redes, tobogán, etc. A estrutura tamén presenta aberturas en diferentes puntos e a distintas alturas do seu enreixado que facilitan a entrada e saída dos nenos á estrutura do xogo.

A zona escavada, que logo se rechea para a execución do tanque de tormentas, reporase coa extensión dunha capa de terra vexetal de 30 centímetros de espesor e sementa manual. Tamén se plantarán especies arbóreas autóctonas na contorna do tanque.

Ademais habilitarase un viario de acceso ao edificio auxiliar do tanque de tormentas, formado por una capa de zorra artificial, a que se accederá a través das sendas do parque do río Pontiñas, de uso exclusivo dos vehículos de mantemento do parque e do tanque de tormentas.

Na seguinte figura preséntase a planta do proxecto:

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS



### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA APOIA AS ENTIDADES LOCAIS CON 6,2M€ PARA PREVER E TRATAR A VIOLENCIA DE XÉNERO, PROMOVER A IGUALDADE E A CONCILIACIÓN E FINANCIAR O LABOR DOS CIM DE GALICIA**

- Estas axudas permitirán aos concellos, consorcios ou mancomunidades, de xeito individual ou cunha xestión compartida, poñer en marcha programas contra a violencia de xénero e/ou a explotación sexual e para facilitar a corresponsabilidade e a igualdade entre mulleres e homes
- A iniciativa inclúe 4,3 millóns para financiar o funcionamento dos 84 centros de información á muller (CIM) de Galicia con apoios máximos de ata 120.000 euros cando a solicitude da axuda sexa conxunta
- O Goberno galego destina máis de 64,6 millóns de euros a estas axudas desde 2009

A Xunta investirá este ano 6,2 millóns de euros nas axudas destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia (concellos, consorcios, mancomunidades, agrupacións ou asociacións de concellos) para o desenvolvemento de programas dirixidos a promover a igualdade, a corresponsabilidade entre mulleres e homes e previr e tratar a violencia de xénero e/ou mellorar as condicións das vítimas de explotación sexual.

Os apoios, para os que se poderán solicitar anticipos de ata o 80 % das axudas (na pasada convocatoria fixouse no 75 %), inclúen financiamento para tres tipos de programas: fomento da conciliación; promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e tratamento da violencia de xénero; e apoio aos CIM.

O primeiro dos programas, para o fomento da conciliación, está dotado con 1,4 millóns de euros. A Xunta quere axudar con el a que as entidades locais poidan levar a cabo medidas (campamentos de verán ou en Nadal) que fomenten a corresponsabilidade entre mulleres e homes con contías que van dos 18.000 euros para os concellos que se presenten de xeito individual aos 30.000 para peticións de xestión compartida. As contías máximas aumentan con respecto ás anteriores convocatorias, con 3.000€ máis no caso de que a xestión sexa individual e con 2.000€ máis para a compartida.

A segunda liña, con medio millón de euros de orzamento, céntrase na promoción da igualdade e da prevención e tratamento da violencia de xénero. A Xunta financia accións orientadas a previr a violencia de xénero e mellorar a situación persoal, social e laboral das mulleres vítimas, das súas fillas e fillos e das persoas delas dependentes. Ábreanse estes apoios a medidas de loita contra a explotación sexual, incluída a prostitución. As

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

contías neste caso van dos 15.000 aos 28.000 euros para entidades con solicitude individual ou en conxunto, respectivamente. As contías máximas aumentan nos dous casos en 3.000 euros.

### **Apoio decidido aos CIM**

A terceira liña de axudas ten como obxectivo apoiar a rede de centros de información ás mulleres (CIM), integrada actualmente por 84 centros na nosa Comunidade e que dan cobertura a un total de 191 concellos. O Goberno galego apoia o financiamento dos postos de traballo dos CIM -dirección, asesoramento xurídico e atención psicolóxica- e dos axentes de igualdade ou de fomento do traballo en rede e de dinamización do territorio con enfoque de xénero, destinando a este programa 4,3 millóns de euros. Cada entidade pode recibir como máximo 45.000 euros e ata 120.000 euros no caso das solicitudes de xestión compartida.

A Xunta leva investidos nestes programas cos cales apoia o labor das entidades locais de Galicia para a promoción da igualdade, o fomento da conciliación e a loita contra a violencia de xénero máis de 64,6 millóns de euros desde 2009 ata o de agora, incluído a convocatoria deste ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA CON MOTIVO DA AGRESIÓN MILITAR DE RUSIA A UCRAÍNA

Dende a Xunta de Galicia condenamos enerxicamente esta agresión inxustificada de Rusia a Ucraína, que supón un atentado contra os dereitos humanos e unha flagrante violación do Dereito Internacional, e expresamos a solidariedade do Goberno galego co pobo ucraíno e as vítimas deste conflito.

Defendemos unha política exterior coa UE e os socios da Alianza Atlántica que aposte polo mantemento da paz e a estabilidade en Europa. Europa, en especial Ucraína, está a vivir un dos seus momentos máis escuros e estamos ante unha colisión entre o Estado de Dereito e o imperio da forza. A política exterior española réxese polos valores fundamentais da dignidade humana, a liberdade, o Estado de Dereito, os dereitos humanos, a solidariedade, o fomento da paz, o respecto do Dereito Internacional e o compromiso co multilateralismo. Compre lembrar que esta política exterior de España é unha política de Estado baseada na lealdade constitucional e no acatamento do dereito da Unión Europea e do dereito internacional, que mantén firme o seu compromiso co europeísmo, Iberoamérica, a Alianza Atlántica e coa defensa da orde liberal internacional.

Seguindo os principios reitores de unidade, de coordinación e de cooperación da Acción Exterior, amosamos o noso apoio ao Goberno de España para seguir afondando na revisión da estratexia para a acción exterior da Unión Europea, o chamado Compás Estratéxico da UE, así como na definición ambiciosa do Concepto Estratéxico que debe aprobarse no Cume da OTAN en Madrid este ano. Estamos nun momento de afondar na construción do enfoque común entre os aliados da OTAN e os Estados membros da UE e fomentar a unidade de esforzos a favor de Ucraína.

Debemos mostrar que o poder non está no imperio da forza senón nas nosas democracias e valores europeos. A unión e a coherencia das nosas accións en política exterior esixen un maior compromiso de responsabilidade na seguridade e a defensa colectivas, así como na mellora da nosa capacidade de disuasión. A resposta que demos hoxe ante esta manifesta agresión de Rusia a Ucraína terá consecuencias na futura orde internacional. Neste sentido, o eixo euroatlántico cobra agora máis ca nunca unha

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

enorme relevancia. A coordinación cos socios e aliados da UE e a OTAN ante o conflito resulta esencial. É evidente que nos situamos no lado da liberdade fronte á opresión e neste escenario non pode haber matices. Avogamos pola unión e non pola división. A invasión militar rusa a Ucraína no canto de dividir a Europa e debilitar á OTAN afianzou máis nosa Unión Europea e reforzou a Alianza Atlántica. No plano transatlántico é necesario subliñar que os consensos básicos que se establezan deben incluír traballar por recompoñer a relación con Estados Unidos, relanzando as relacións transatlánticas que se perderon a partir de 2004 e cuxas consecuencias aínda sufrimos hoxe.

Reiteramos o noso apoio firme e claro a Ucraína fronte á criminal agresión de Putin e apoiamos as medidas impostas pola Unión Europea e o Goberno español a Rusia. Cabe resaltar que as sancións da Unión Europea son as maiores da historia da UE, dirixidas contra o sistema financeiro de Rusia, as súas industrias de alta tecnoloxía e a elite que o defende. Somos conscientes de que estas sancións tamén terán un custo para a nosa economía. É a primeira vez que na UE se utiliza o orzamento europeo para comprar e entregar equipo militar a un país que está a ser atacado pero, como sinalou a presidenta da Comisión Europea o pasado martes, protexer a nosa liberdade ten un prezo e este é un momento decisivo no que a liberdade non ten prezo. No plano humanitario, amosamos a nosa plena solidariedade e profundo apoio á UE e ao Goberno de España para a acollida de mulleres, homes e nenos e nenas ucraínos que escapan do conflito.

Reiteramos que este é un momento decisivo no que a oposición e o Goberno debe de ir xuntos. Sen cohesión interna non pode haber política exterior crible.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA INFORMA O CONSELLO DO CONTRATO PARA AS OBRAS DE REFORMA E MELLORA DO ESTADIO DO COUTO EN OURENSE CUN ORZAMENTO DE PRETO DE 2 MILLÓNS DE EUROS**

O sumatorio de actuacións levadas a cabo pola Xunta no Couto desde 2011 acada xa máis de 3 millóns de euros (3.117.351,59 euros)

A Secretaría Xeral para o Deporte vén de informar o Consello da Xunta do contrato publicado na plataforma de contratación para as "obras de reforma e mellora do estadio do Couto en Ourense" que contarán cun orzamento base de licitación de preto de 2 millóns de euros (1.984.857,11 euros) e o prazo de presentación de ofertas permanecerá aberto ata o vindeiro 21 de marzo. Unha vez adxudicadas (ao redor do mes de xuño), darán comezo as obras do Couto que terán un prazo de execución de sete meses, polo que rematarán no primeiro trimestre de 2023.

As obras contarán con tres vías de actuación que serán intervencións de reparación e rehabilitación estrutural, destinadas fundamentalmente a asegurar e protexer as estruturas para incrementar a súa vida útil; obras de renovación ou posta ao día de carácter funcional, cuxo obxectivo son os elementos superpostos ás estruturas, principalmente mobiliario (asentos) e instalacións; e as obras de ampliación demandadas, que se circunscriben ao edificio administrativo situado no fondo norte e que permitirán organizar de forma totalmente independente os usos puramente deportivos daqueles de carácter administrativo-social e representativa que o estadio demanda.

Cómpre salientar, que unha vez rematadas estas obras de remodelación, a Secretaría Xeral para o Deporte comenza unha nova actuación para a renovación do terreo de xogo (céspede, rego, drenaxe...). Esta intervención terá un orzamento de 700.000 euros e un prazo de execución de 21 semanas, con que se prevé que estea rematada en setembro de 2023.

Ademais da posta a punto do campo que seguirá albergando o mellor fútbol da provincia, a actuación beneficiará as federacións localizadas na instalación desde 2015 xa que poderán desfrutar dun complexo deportivo máis funcional e máis flexible.

O sumatorio de actuacións levadas a cabo pola Xunta no Couto desde 2011 acada xa máis de 3 millóns de euros (3.117.351,59 euros).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta actuación insírese no conxunto de actuacións levadas a cabo pola Secretaría Xeral para o Deporte nas infraestruturas deportivas de Ourense entre as que destacan a pista cuberta de atletismo de Expourense, en que o Goberno galego investiu máis de 4,3 millóns de euros; a remodelación integral do Pavillón dos Remedios, cun orzamento de 2 millóns de euros financiados integramente pola Xunta; así como o proxecto do novo complexo deportivo de Monterrei, que contará cun investimento de 10 millóns de euros cofinanciados entre a Xunta e a Deputación de Ourense, que no verán abrirá as primeiras piscinas infantil e familiar.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA IMPULSARÁ A RECUPERACIÓN DA FORTALEZA DE MONTERREI E O SEU APROVEITAMENTO TURÍSTICO E CULTURAL CON 16,9M€ DO PLAN XACOBEO NEXT GENERATION

- O proxecto inclúe actuacións en catro inmobles que no futuro terán usos hoteleiros e gastronómicos
- Prevese que as obras estean licitadas a finais deste ano co obxectivo de que se inicien os traballos en 2023 e rematen no 2025
- O Plan Xacobeo Next Generation permitirá un investimento no noso territorio dun total de 47,3M€ para a posta en valor de bens de interese cultural no Camiño de Santiago e para a diversificación da oferta turística

O Consello da Xunta deu conta hoxe dun informe para a execución do proxecto de recuperación e valorización turística da vila de Monterrei que suporá un investimento no conxunto da fortaleza e na súa contorna por importe de 16,9M€ a través dos fondos europeos do Plan Xacobeo Next Generation, dotado con 47,3M€. Trátase da actuación de maior investimento económico no conxunto dos 12 bens inmobles galegos declarados BICs e situados no Camiño de Santiago que se aprobaron como actuacións preferentes en Galicia no marco deste plan, e que suporán un investimento de 27,4M€.

Os fondos europeos para estas actuacións contribuirán á posta en valor de bens de interese cultural no Camiño de Santiago e para a diversificación da oferta turística, especialmente en territorios do Camiño con maior risco de despoboamento.

Este é o caso da Fortaleza e vila de Monterrei, declarado como conxunto e monumento histórico-artístico desde 1931 e de titularidade autonómica. Deshabitado desde finais do século XIX, conserva a súa traza orixinal, o barrio xudeu e os edificios e vivendas tal como eran no pasado. O proxecto inclúe a rehabilitación da fortaleza defensiva a través dunha restauración estrutural e paisaxística que se levará adiante con criterios de sustentabilidade e eficiencia enerxética. Segundo o cronograma inicial, a licitación da obra tería lugar a finais deste ano co obxectivo de que os traballos comencen en 2023 e estean finalizados no 2025.

### Principais actuacións

O informe inicial levado a Consello recolle a necesidade de redactar un plan para a xestión do BIC, acometer os traballos de rehabilitación das estruturas defensivas e das edificacións de titularidade pública situadas dentro do conxunto para o seu uso

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

turístico e cultural, así como desenvolver un plan de mobilidade que garanta un acceso sostible e eficiente dos visitantes tanto á fortaleza como ao Parador de Turismo.

O informe tamén recolle a oportunidade de acometer un completo estudio arqueolóxico do conxunto e da trama da vila medieval que conserva edificios e vivendas con potencialidade para se converter nun punto de atracción turística. Finalmente, o documento inicial de traballo establece a necesidade de por en marcha novos produtos turísticos dixitais e ferramentas de comercialización que permitan mellorar a experiencia turística, entre outras accións.

O obxectivo final que se persegue con esta actuación é non só o de garantir a conservación deste monumento senón tamén recuperar este conxunto como un recurso turístico e cultural de primeira orde e motor de impulso socioeconómico para a provincia de Ourense. Trátase, en definitiva, de situar Monterrei como punto de referencia na atracción de visitantes á comarca, de aí que entre os obxectivos do proxecto figuren os usos turísticos e hoteleiros dunha parte dos edificios recuperados.

Segundo o proxecto, actuarase en máis de 20.000 metros cadrados, tanto nas edificacións como nos espazos públicos afectados. No que se refire aos inmobles, a rehabilitación afectará a catro edificacións hoxe en desuso: a antiga casa cuartel, o entorno dos Fornos da Fortaleza de Monterrei, o antigo Concello situado no Canellón de Ouro e o conxunto da Porta Norte, que abrangue o antigo cárcere, o arco de entrada e a casa de xustiza. A recuperación destas edificacións permitirá, nun futuro, dispoñer de máis de 40 habitacións de uso hoteleiro e dun espazo de restauración con produtos gastronómicos de proximidade.

No que respecta aos espazos públicos, vaise actuar en once ámbitos cunha intervención total de 18.724 metros cadrados que inclúe, ademais da recuperación de espazos degradados, a creación de aparcamentos disuasorios, a instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos e a posta en valor do conxunto arquitectónico e paisaxístico.

### **Plan Xacobeo Next Generation**

A recuperación da Fortaleza de Monterrei para usos turísticos é un dos proxectos incluídos no investimento total de 27.467.000 euros, dos que 22,7M€ proceden de fondos europeos e 4,7M€ son fondos propios da Xunta de Galicia cun prazo de execución de actuacións ata o 31 de outubro de 2025.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estas accións atópanse perfectamente aliñadas coas accións incluídas no Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago, no marco do que se investiron entre 2015 e 2021 máis de 43,5 millóns de euros no correcto mantemento e recuperación do patrimonio, dos que 16,2 millóns estiveron destinados á conservación integral dos diferentes itinerarios e outros 17,5 millóns a actuacións da mellora de seguridade viaria e paisaxística levadas a cabo pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade. Ademais, a esta contía engádense 5,2 millóns para melloras en albergues e, cómpre destacar que para este ano, investiranse outros 4,6 millóns na rehabilitación e incorporación de cinco novas infraestruturas á rede pública de albergues de peregrinos de Galicia.

A rehabilitación dos 12 BIC, entre eles a fortaleza de Monterrei, enmárcase no Plan Xacobeo Next Generation que inclúe, ademais, dúas Accións de Cohesión en Destino (ACD) por importe de 10M€ para fomentar Galicia como destino de cicloturismo empregando as rutas xacobeas e a Rede Eurovelo e a promoción da Ruta Xacobeas Mar de Arousa e Río Ulla e catro Plans de sustentabilidade turística en destino promovidos por entidades locais por importe de 9,8M€ promovidos polos concellos de Vilagarcía de Arousa e Oia, a Mancomunidade do Salnés e a Deputación de Pontevedra.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### O PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA PRESENTA O PLAN ESTRATÉXICO 2022-2024 CON QUE AGARDA CONSOLIDAR A ACTIVIDADE EMPRESARIAL A TRAVÉS DA INNOVACIÓN E A SUSTENTABILIDADE

- Unha das primeiras medidas da nova folla de ruta de Tecnópole será a posta en marcha da aceleradora Galicia Avanza, especializada na internacionalización de pemes innovadoras e que contará cun investimento de 2,24M€
- Sumarase a outras iniciativas pensadas para impulsar o desenvolvemento empresarial como o espazo coworking ou o polígono virtual en colaboración con AJE Ourense, así como a iniciativas formativas como a Aula Newton
- Apostarase pola mellora de infraestruturas e servizos e o impulso do autoconsumo a través dunha comunidade enerxética de que se beneficiarán máis de 50 empresas
- A captación de novos investimentos e a atracción de talento serán obxectivos prioritarios nos vindeiros anos aproveitando a oportunidade que representan tanto os fondos europeos Next Generation como a chegada do AVE a Ourense
- A Xunta habilitará máis de 340.000 m<sup>2</sup> de nova superficie industrial no polígono, grazas a un investimento de preto de 10 M€, co obxectivo de reactivar esta área, estratéxica e imprescindible para a evolución empresarial da comarca de Ourense

O Consello da Xunta coñeceu, na súa reunión desta mañá, o Plan estratéxico 2022-2024 do Parque Tecnolóxico de Galicia (Tecnópole), en San Cibrao das Viñas (Ourense) con que a entidade agarda abrir unha nova etapa de crecemento e consolidación da actividade empresarial apostando pola innovación e a sustentabilidade para captar investimentos e atraer e reter talento.

Coincidindo co trixésimo aniversario de Tecnópole, ponse en marcha este instrumento que ten como principais obxectivos a atracción de novos proxectos empresariais cará ás oficinas dispoñibles; a mellora de servizos e infraestruturas; a posta á disposición de novos espazos para emprendedores e autónomos; impulsar programas para a aceleración empresarial e aproveitar as oportunidades que abre a chegada do AVE a Ourense.

Unha das primeiras medidas que se porá en marcha será a aceleradora Galicia Avanza, especializada na internacionalización das pemes innovadoras, tras autorizar o Consello da Xunta de hoxe mesmo o convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación (Gai), o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e Tecnópole.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Destinarase un investimento de 2,24 millóns de euros para celebrar dúas convocatorias entre este ano e o que vén co obxectivo de apoiar 60 iniciativas.

A nova aceleradora busca aproveitar a demanda actual social e industrial, para que as solucións innovadoras galegas no eido tanto dos produtos como dos servizos de pemes de calquera ámbito ou sector -e que estean dispoñibles ou moi próximas ao mercado- poidan alcanzar presenza ou fortalecerse no exterior no menor tempo posible.

Para logralo, ofrécese un programa de aceleración de oito meses de duración con itinerarios personalizados en eidos como o estudo do mercado, a estratexia de márketing, a adaptación de produtos e servizos, o deseño e rexistro de marcas e certificacións ou a estratexia de acceso ao mercado. As empresas participantes tamén poderán acceder a mentorización e asesoramento, capacitación e formación comercial e técnica e encontros finais para darlles visibilidade.

Aprovéitase, deste xeito, a experiencia de Tecnópole neste tipo de programas e súmase á celebración, nesta mesma entidade, dun dos 11 espazos coworking que este ano se realizarán por toda a xeografía galega para acompañar novas iniciativas empresariais na súa fase inicial ou de consolidación; ou ao recente acordo entre a Administración galega con AJE Ourense e o Parque Tecnolóxico de Galicia para poñer en marcha un polígono virtual con diferentes servizos e produtos de dixitalización, como a creación dunha plataforma dixital, *hosting* e dominio adaptados a cada usuario en función das súas necesidades, espazo de traballo con solucións *cloud* e mesmo asesoramento e outras actuacións complementarias.

Estes servizos completarán a rede de infraestruturas singulares que Tecnópole xa ten en activo ou en desenvolvemento como o CIS Madeira, o centro de tecnoloxías quirúrxicas minimamente invasivas Tecmeva, o laboratorio de biotecnoloxía ou o búnker de seguridade. Infraestruturas a que se sumará un centro de ciberseguridade, a través da colaboración público-privada, que poida dar resposta tanto ás ciberameazas como aos retos de seguridade actuais tanto a nivel da cidadanía como empresarial.

### **Centro de negocios e un edificio eco-responsable**

Cun total de 97 empresas implantadas -cunha facturación que supera os 200M€- e 1600 persoas traballando nelas, Tecnópole aspira a seguir atraendo investimentos e, deste xeito, ocupar os espazos de que dispón. Ademais, ao longo dos vindeiros anos, traballará na posta á disposición de autónomos e empresas de novos espazos como un centro de negocios ou un edificio eco-responsable e modular destinado a empresas de tamaño medio e que permitirá agregar novos módulos segundo o requira a demanda.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A mellora de infraestruturas e servizos será outra das prioridades. De feito, xa se realizaron melloras no alumeado ou na red wifi e está previsto tanto acondicionar zonas comúns como reducir a pegada de CO<sub>2</sub>, fomentar a recollida selectiva de lixo, mellorar as telecomunicacións, así como apostar polo autoconsumo a través de implantación dunha comunidade enerxética de que se beneficiarán ao redor de 50 empresas que se poderían ir incrementando. Cun investimento de 2M€, o proxecto contaría cunha potencia instalada de 2MW a través da dispoñibilidade de espazo en cubertas de edificios e terreos para a xeración duns 2500MWh/ano.

No eido da divulgación científica, Tecnópole seguirá apostando por propostas como Galiciencia ou a Aula Newton, a primeira de carácter permanente de España impulsada por First Scandinavia e Boeing.

Desde Tecnópole tamén se queren aproveitar as novas oportunidades que abre tanto os fondos europeos Next Generation, ofrecéndose como espazo para implantación de novos proxectos empresariais e coa posta en marcha dunha oficina técnica de proxectos. Por outra banda, buscarase que a chegada do AVE, se converta nun atractivo destino para empresas de fóra de Galicia.

### **Ampliación do solo industrial**

Así mesmo, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda informou hoxe sobre a ampliación do solo empresarial dispoñible no Parque Tecnolóxico de Galicia, que se levará a cabo a través da modificación do Plan parcial SUR I2-I3-I4 do PXOM de San Cibrao das Viñas e a correspondente urbanización deste ámbito.

En total, a Xunta habilitará 341.538 m<sup>2</sup> de nova superficie industrial, grazas a un investimento de preto de 10 millóns de euros, co obxectivo de reactivar esta área, estratéxica e imprescindible para a evolución empresarial da comarca de Ourense.

A previsión, unha vez se efectúe a modificación do PXOM, é licitar as obras de urbanización este mesmo ano, para iniciar a continuación a fase de comercialización das parcelas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA CONVOCARÁ UN CONCURSO DE IDEAS PARA O DESEÑO DA NOVA SEDE ADMINISTRATIVA DE OURENSE

O Goberno galego levará a cabo este concurso para o deseño e implantación do edificio e o anteproxecto gañador servirá de base para a tramitación do procedemento previsto para o desenvolvemento da actuación

A Xunta levará a cabo un concurso de ideas con intervención de xurado, para a redacción do anteproxecto de construción da nova sede administrativa na cidade de Ourense e, para o seu desenvolvemento, contarase coa asistencia do Colexio Oficial de Arquitectos Galicia, entidade con que se asinará un convenio de colaboración.

O consello da Xunta analizou na súa reunión desta mañá un informe sobre as actuacións realizadas e as que están previstas para a construción do novo edificio administrativo ubicado no barrio das Lagoas e que unificará as distintas sedes autonómicas de Ourense.

O obxecto deste concurso será seleccionar a mellor idea, a xuízo do Xurado, desenvolvida a nivel de anteproxecto, que sirva de base ao correspondente proxecto técnico, básico e de execución, incluído o estudo de seguridade e saúde, o estudo de xestión de residuos, a certificación enerxética e o proxecto de telecomunicacións das obras de construción da nova sede administrativa.

O Consello da Xunta autorizara en decembro a adquisición por parte da Consellería de Facenda e Administración Pública, de catro parcelas en Ourense por importe de 8,47 millóns de euros (IVE engadido) para a construción deste novo edificio administrativo.

Estas catro parcelas están situadas nun solar de grandes dimensións ubicado preto do centro de Ourense, na zona do Campus Universitario das Lagoas e que actualmente se atopa en desenvolvemento urbanístico.

### **Estratexia de alugueiros cero**

A estratexia de alugueiros cero da Xunta permitiu reducir en toda Galicia o gasto en alugueiros nun 54,5 %, aforrando cada ano case 4 millóns de euros desde a súa posta en marcha no 2009 co obxectivo de poñer en valor o patrimonio propio. No caso concreto de Ourense, o Goberno galego pasou de aboar case de 1,1 millóns de euros no ano 2009 a pagar un importe anual de 330.435 euros.

Esta actuación enmárcase na política do Goberno galego de poñer en valor o patrimonio propio e traballar na concentración de espazos administrativos que beneficiará o conxunto dos cidadáns na súa relación diaria coa Xunta de Galicia.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA PRETO DE 18 MILLÓNS DE EUROS A MEDIDAS PARA FACER FRONTE Á CIBERDELICUENCIA

- O Consello recibiu hoxe o “Informe de medidas en materia de ciberseguridade lideradas pola Xunta de Galicia”
- O Goberno galego ten en marcha un decálogo de medidas de colaboración entre administracións e cos sectores privados; dotación de infraestrutura e posta en marcha de operacións, e formación e concienciación
- O Nodo Galego de Ciberseguridade Cyber.gal é a primeira estrutura de colaboración público – privada na materia en España
- A Xunta traballa na definición da nova Estratexia Galega de Ciberseguridade 2022-2027
- A Xunta aposta porque Ourense acolla o Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia, cun investimento duns 3,5 millóns de euros
- As administracións autonómica e locais, así como outras entidades públicas, como as universidades, dispoñen dun acordo marco aprobado pola Xunta para contratar servizos de ciberseguridade por un importe estimado de 8,2 millóns de euros
- O programa Re-acciona da Xunta inclúe un servizo de implantación dunha estratexia de ciberseguridade nas empresas
- Desde o pasado 21 de febreiro, a Xunta participa na actuación coordinada polos ministerios de Defensa e Interior para o reforzo das medidas de ciberseguridade nos ámbitos gobernamentais ante un risco elevado de ciberataques

O Consello de Goberno recibiu hoxe o “Informe de medidas en materia de ciberseguridade lideradas pola Xunta de Galicia”, que fai referencia a actuacións en marcha ou que comezarán a aplicarse en 2022 que suman investimentos de preto de 18 millóns de euros.

O informe enmarca as actuacións da Xunta en materia de ciberseguridade nun decálogo de medidas de tres tipos: as infraestruturas e operacións, a estratexia de colaboración público – privada, e a formación e concienciación.

#### **Infraestruturas e operacións**

Este ano, a Xunta iniciará a construción do Centro de Excelencia de Ciberseguridade de Galicia (CECIGA) que implicará un investimento para a súa posta en marcha duns 3,5 millóns de euros. A Xunta aposta porque Ourense acolla esta infraestrutura clave no desenvolvemento da estratexia de ciberseguridade de Galicia. O CECIGA ten como obxectivo desenvolver este ámbito como motor de transformación económica e social. Terá como misión contribuír ao fortalecemento e potenciación da seguridade na Administración pública, as empresas e a cidadanía, así como apoiar a innovación no

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sector produtivo mediante o logro da excelencia na investigación e o desenvolvemento de talento especializado en ciberseguridade. Potenciará, así mesmo, as relacións institucionais e a promoción do nodo Ciber.gal en España e Europa.

O informe presentado hoxe refírese tamén ao Proxecto de mellora da seguridade na Administración de xustiza de Galicia, que se atopa en marcha cun investimento de ao redor de 2 millóns de euros. No marco deste proxecto estanse a implantar ferramentas do Centro Criptolóxico Nacional e plataformas técnicas para mellorar o nivel de ciberseguridade no ámbito da Xustiza.

Outra das medidas en materia de infraestrutura e operacións que forma parte do decálogo é o Acordo Marco que oferta servizos de seguridade a todos os departamentos das administracións públicas autonómica e local e outras entidades públicas. Este instrumento permite investimentos estimados en 8,2 millóns de euros.

Ao logo deste ano, a Xunta incorporárase á Rede Nacional de Centros de Operacións en Seguridade (SOCs), que complementará a ampla coordinación entre a Xunta e o Goberno de España, que se reflicte, entre outros aspectos, no equipo de respostas ante emerxencias informáticas CSIRT.gal que conta con presenza na rede de CSIRT.es. Tamén se porá en marcha este ano o Proxecto de servizos de ciberseguridade ás entidades locais, cidadanía e as empresas.

### **Estratexia de colaboración público privada**

A Xunta de Galicia lidera desde a súa creación en 2020 o nodo Ciber.gal, que aglutina a preto de 40 entidades que unen as súas forzas e recursos para identificar, deseñar e executar accións en materia de ciberseguridade. Trátase da primeira estrutura de colaboración público-privada na materia en España.

Ademais, a Xunta, a través da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, mantén convenios de colaboración coas dúas entidades públicas encargadas de velar pola ciberseguridade en España: o Centro Criptolóxico Nacional (CCN), que depende do Ministerio de Defensa; e o Instituto Nacional de Ciberseguridade (Incibe), que depende do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

Na actualidade, a Xunta traballa na definición da nova Estratexia Galega de Ciberseguridade 2022-2027, que se presentará este ano e que reforzará as liñas actuais de traballo e recollerá as accións e medidas precisas para executar os compromisos de gobernanza e cumprimento normativo do novo Esquema Nacional de Seguridade.

### **Formación e concienciación**

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego porá en marcha unha campaña para concienciar a cidadanía galega sobre a importancia da ciberseguridade e para mellorar as capacidades no uso da tecnoloxía dixital. O investimento previsto é de ao redor de medio millón de euros. A Xunta desenvolve tamén un servizo de definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade nas empresas galegas a través do programa Re-acciona.

### **Investimentos**

A medidas de reforzo da ciberseguridade en Galicia aprobadas en marzo de 2021 implican investimentos por máis de 12 millóns de euros, a que hai que engadir os dous millóns destinados á mellora da seguridade da Administración de Xustiza, os 3,5 millóns correspondentes aos gastos ordinarios da Xunta en Ciberseguridade asignados a este ano e a parte do programa Re-acciona relativa a esta materia. En total, están en marcha medidas por un importe de preto de 18 millóns de euros.

### **Avance da cibercriminalidade e novas ameazas**

O informe destaca que Galicia sufriu case 20.000 estafas a través de medios telemáticos en 2021. Un de cada catro delitos cometidos en 2021 foron estafas de tipo telemático. Nese ano producíronse de media 40.000 ciberataques ao día en España, o que representa un aumento do 125 % con respecto a 2020.

Segundo o informe, en liñas xerais, os ataques son máis profesionais e sofisticados, con novas formas de infracción, extorsión e pagamento. Neste sentido, en 2021 rexistrouse en todo o mundo un incremento do 29 % nos ciberataques contra o sector educativo con respecto ao ano anterior. En España, o crecemento foi do 11 % con respecto a 2020.

O texto sinala así mesmo, que no momento actual existe unha situación de ameaza aos servizos públicos, de abastecemento e de información. Ante esta situación, a Xunta participa desde o pasado 21 de febreiro na actuación coordinada polo CCN do Ministerio de Defensa e polo Ministerio de Interior. O informe destaca que a maior parte das medidas solicitadas xa estaban implantadas ou en proceso de implantación na Xunta de Galicia.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### **A XUNTA IMPULSA UN ITINERARIO PEONIL E CICLISTA PARA CONECTAR A CIDADE DE OURENSE DE NORTE A SUR A TRAVÉS DA AVENIDA DAS CALDAS E O BARBAÑA, CUN INVESTIMENTO DE 4,5 M€**

- A intervención enmárcase nos proxectos promovidos pola Xunta ao abeiro dos fondos Next Generation para fomentar a mobilidade sustentable nas cidades galegas
- O itinerario integrará 5,2 km de sendas, comezará na intermodal e desenvolverase pola avenida das Caldas, a Ponte Romana, o Paseo do Barbaña, o CHUO, Expourense e o Pazo dos Deportes Paco Paz
- As actuacións, que configuran un eixo norte-sur ao longo do río Barbaña, proseguirán desde Ponte Sevilla ata Seixalbo e Bemposta a través da OU-105
- Para acadar esa continuidade son estratéxicas a senda en Ponte Sevilla, cuxas obras comezarán en verán, e a mellora de seguridade viaria en Seixalbo, en execución na súa segunda fase, que suman un investimento global de 3,2 M€
- O Goberno galego promove, a través dos fondos europeos, actuacións de mobilidade sustentable como as estacións intermodais, os aparcadoiros disuasorios, sendas ou a mellora das paradas de autobús nas vías autonómicas

O Consello da Xunta deulle hoxe luz verde á proposta de construción dun itinerario peonil e ciclista que conectará a cidade de Ourense de norte a sur, partindo da estación intermodal, continuando polo Barbaña ata o Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e finalizando en Seixalbo, cun investimento de 4,5 millóns de euros.

Esta intervención enmárcase nos proxectos impulsados polo Goberno galego ao abeiro dos fondos Next Generation, co fin de fomentar a mobilidade sustentable nas cidades galegas.

Trátase dun itinerario que integrará 5,2 km de sendas: iniciarase na estación intermodal, desenvolverase pola avenida das Caldas, a Ponte Romana, o Paseo do Barbaña, o CHUO, Expourense e o Pazo dos Deportes Paco Paz. Estas actuacións, que configuran un eixo norte-sur ao longo do río Barbaña, proseguirán desde Ponte Sevilla ata Seixalbo e Bemposta a través da OU-105.

Máis concretamente, a senda comezará na estación intermodal, que é agora punto de chegada da alta velocidade. Realizarase unha remodelación completa da avenida das Caldas, humanizándoa e converténdoa nunha porta de entrada á cidade.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A actuación continuará a través da Ponte Romana, un dos símbolos da cidade que permite cruzar o río Miño sen interacción co tráfico rodado. Nese punto a Xunta vén de rematar o acondicionamento da zona da Capela dos Remedios, mellorando a conexión co paseo das Ninfas baixo a N-120. Accédese así a un eixo de mobilidade peonil e ciclista perpendicular ao que se promove, é dicir, en dirección este-oeste.

O itinerario abrangue o tránsito polo paseo na marxe do río Barbaña, acondicionando e mellorando a sinalización onde sexa necesario e dándolle continuidade no treito en que este se interrompe, é dicir, entre a praza de Abastos e "La Molinera".

O proxecto tamén recolle un ramal de conexión co CHUO, a estudar no seu trazado, pero previsiblemente partindo da avenida do Regato, así como a finalización do percorrido na zona do Pazo dos Deportes Paco Paz e de Expourense.

### **Mobilidade sustentable**

As actuacións propostas darán continuidade a un eixo de mobilidade norte-sur ao longo do río Barbaña que proseguirán cara ao sur desde Ponte Sevilla ata Seixalbo e Bemposta a través da estrada OU-105.

Para acadar esta continuidade son estratéxicas tres intervencións na estrada OU-105, que suman un investimento autonómico de 3,2 millóns de euros.

De xeito máis detallado, a primeira destas actuacións é a senda na OU-105 en Ponte Sevilla, que se desenvolverá pola marxe dereita da vía, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+850. O inicio destas obras, xa licitadas, prevese no verán, cun prazo de execución de 6 meses.

A segunda intervención, entre os puntos 0+800 e 1+150, correspóndese coa segunda fase de mellora da seguridade viaria na OU-105 en Seixalbo, que se iniciou en maio de 2021 e que se está a ultimar. No marco desta actuación, estase a habilitar unha senda na marxe dereita da rúa Canizo, de modo que o tránsito peonil e ciclista discorra por ela desde a senda do treito de Ponte Sevilla ata a continuación da OU-105 ata Seixalbo.

A terceira actuación, entre os puntos 1+100 e 2+500, correspóndese coa primeira fase da obra de mellora da seguridade viaria na OU-105 en Seixalbo, xa rematada en 2019.

### **Fondos Next Generation**

O Goberno galego, ao abeiro dos fondos europeos Next Generation, está a traballar no obxectivo do fomento dunha mobilidade sustentable nas cidades galegas, a través de diversas liñas de actuación.

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, a Xunta impulsa as estacións de autobuses intermodais da Coruña, Lugo e Ferrol, dando así continuidade ao desenvolvemento destas infraestruturas do transporte noutras cidades como Santiago e Ourense, onde xa están en servizo, e en Pontevedra e Vigo, próximas ao seu remate.

O Executivo autonómico tamén proxecta a mellora de paradas de autobús en estradas autonómicas co fin de facer máis competitiva a oferta dos servizos de transporte público colectivo nas contornas metropolitanas de Galicia

A este respecto, mellorarase o equipamento da propia parada, incluído a marquesiña, a accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, a información e sinalización, as conexións cos itinerarios peonís e a seguridade.

Outra liña de acción correspóndese coa dotación de aparcadoiros disuasorios en zonas próximas ás vías de entrada ás cidades e conectados coa rede de servizos de transporte público, de tal forma que se minimize o acceso en vehículo privado.

Entre estas intervencións, a Xunta tamén proxecta sendas metropolitanas peonís e ciclistas na contorna das 7 grandes cidades galegas. Trátase de itinerarios na contorna das vías de entrada ás cidades, de conexión de equipamentos públicos de interese, como as estacións intermodais, os hospitais ou os centros administrativos.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA TRIPLICOU O IMPORTE TOTAL DOS CONVENIOS ASINADOS COAS TRES UNIVERSIDADES NO SEGUNDO SEMESTRE DE 2021

A achega económica total ascende a 4,6M€, case un 200 % máis que no mesmo período do ano anterior

A Xunta de Galicia (a través das súas diferentes consellerías e organismos) asinou no segundo semestre de 2021 un total de 50 convenios de colaboración coas tres universidades galegas, o que supuxo unha achega de 4.602.817,39 euros, un 194,35 % máis que no mesmo período do ano anterior. O importe medio que representou cada convenio para as universidades experimentou un incremento, desde 62.548,04 euros no segundo semestre do ano 2020 até 92.056,35 euros no segundo semestre de 2021 (47,18 %).

Así o recolle o informe semestral ao respecto analizado hoxe no Consello da Xunta, en que se especifica que o maior número de accións corresponde ao apoio a accións sociais, culturais, deportivas ou de voluntariado dirixidas ao alumnado universitario galego cun total de 18 convenios (36 % do total). Séguenlle os convenios para apoio á inserción laboral dos titulados dirixidos ao alumnado universitario galego (13), os de financiamento de investigacións que se consideren urxentes ou de especial (9), os de apoio ao mantemento, reforma e adaptación das infraestruturas científico-tecnolóxicas e servizos xerais de apoio á investigación (6) e os de apoio á implantación do sistema docente e dos obxectivos do Espazo Europeo de Educación Superior e para másters oficiais que melloren a calidade da oferta académica do Sistema universitario galego (2 cada un).

Por número de convenios o departamento da Xunta que máis acordos asinou coas universidades foi a Consellería de Cultura, Educación e Universidade (10) seguida da de Emprego e Igualdade (7) as de Sanidade e Presidencia da Xunta de Galicia (6 cada unha). A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda asinou 5 convenios neste período, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Consellería de Facenda e Administración Pública (4 cada unha), Consellería de Política Social e Consellería de Infraestrutura e Mobilidade (3 cada unha), Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e Consellería do Mar (1 cada unha).

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

# A XUNTA IMPULSA UNHA NOVA LEI DE IGUALDADE ABERTA AO EIDO LABORAL, CON MEDIDAS PARA CREAR CIDADES SEGURAS E CONTRA OS ATAQUES SEXISTAS E A DISCRIMINACIÓN MÚLTIPLE

- A Consellería de Emprego e Igualdade iniciará este mes de marzo a consulta pública previa para recibir as achegas da sociedade á nova Lei galega de igualdade de mulleres e homes
- Refórzase a igualdade de xénero en materia de dixitalización, con medidas para fomentar a formación en habilidades dixitais e o seu uso no traballo, así como de protección das mulleres fronte a ataques sexistas a través dos medios tecnolóxicos
- A norma recoñecerá a discriminación múltiple da muller cando nela coincidan condicionantes persoais e sociais como de discapacidade ou etnia
- A lei identificará o benestar laboral como idea vencellada coa conciliación, o teletraballo ou a calidade do emprego feminino
- O Goberno galego quere ratificar o seu compromiso coas mulleres rurais e do sector marítimo-pesqueiro para dotalas dun Estatuto propio que recoñeza os seus dereitos

A Xunta de Galicia está a impulsar unha nova Lei galega de igualdade de mulleres e homes co obxectivo de seguir avanzando na igualdade laboral, actualizar e unificar nunha mesma norma as actuacións e medidas para a loita contra a discriminación múltiple e os ataques sexistas á muller, e referendar o seu compromiso coa formación profesional e o emprego feminino de calidade.

O anteproxecto da futura normativa iniciará este mes de marzo o período de consulta pública previa, para que o conxunto da sociedade galega poida contribuír ao seu enriquecemento por medio das súas achegas.

O texto legal contemplará medidas que reforcen a igualdade de xénero en materia de dixitalización co obxectivo de fomentar a formación en habilidades dixitais e o seu uso no ámbito laboral, así como de protección das mulleres fronte a ataques sexistas a través de medios tecnolóxicos.

Na mesma liña a futura lei promoverá programas municipais para crear espazos urbanos libres de violencia e acoso sexual, a través de sendas peonís seguras, sinalización clara ou paradas a demanda de transporte urbano.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Goberno galego quere contribuír, por outra banda, á defensa dos dereitos e á visibilización das mulleres que sofren discriminación múltiple, un concepto que corresponde aos casos nos que varias causas -como poden ser de discapacidade, de etnia, de idade, de pobreza, de inmigración etc.- dificultan aínda máis o desenvolvemento persoal e social das afectadas.

### **Benestar laboral e formación**

A nova normativa introducirá ademais a idea do benestar laboral nas empresas, vencellada coas políticas de conciliación, substitución por maternidade, prevención de riscos laborais, teletraballo e responsabilidade social empresarial (RSE).

Nesta liña, regularanse medidas especiais para introducir a perspectiva de xénero no teletraballo, co impulso desta modalidade laboral que a pandemia ven de consolidar, así como a promoción de boas prácticas no tecido produtivo galego como o dereito á desconexión, o acceso prioritario a esta modalidade de traballo a vítimas da violencia de xénero, ou a realización de actividades de formación.

Galicia converterase, por outra banda, na primeira comunidade autónoma en recoller nunha lei os requisitos mínimos de formación en igualdade laboral, unha medida que nace do acordo co Diálogo Social.

A Xunta seguirá a fomentar o emprego feminino por conta allea, con axudas para mellorar a contratación e para a promoción profesional. No caso das autónomas establecerase a continuidade dos apoios para a contratación por maternidade ou durante o embarazo e promoverá a creación de empresas en sectores con infrarrepresentación feminina.

A lei incluirá ademais un estatuto das mulleres rurais e do mar con que se defenderá o compromiso de atender as súas necesidades nas políticas de emprego autonómicas, e cunha relación propia de dereitos e de medidas para o fomento do seu asociacionismo.

Coa nova lei de igualdade, que se vén sumar á lei específica para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, Galicia segue a situarse na vangarda da loita contra a violencia e a discriminación da muller en todos os eidos da súa vida, contribuíndo a visibilizar as novas desigualdades e avanzando para erradicalas.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### MÁIS DO 98 % DAS ZONAS DE BAÑO DO CENSO OFICIAL DE GALICIA OBTIVERON UNHA CLASIFICACIÓN SANITARIA EXCELENTE OU BOA NA TEMPORADA 2021

- O 91,9 % das zonas de baño considéranse excelentes, o que supón a mellor porcentaxe dende que se emprega o sistema de cálculo da clasificación sanitaria actual
- En total, revisáronse 489 zonas de baño con 506 puntos de mostraxe que se atopan en 114 concellos
- En 2021, ademais, fíxose un seguimento do cumprimento da normativa da prevención da covid-19 nas zonas de baño

A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade presentou o informe final sobre o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño 2021. En Galicia, as zonas de baño con clasificación excelente ou boa supoñen o 98,2 % de todas as que forman parte do censo.

A Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, executa o Programa de vixilancia sanitaria das zonas de baño. Cada temporada, elabórase un censo oficial de zonas de baño. No censo da temporada 2021 figuran un total de 489 zonas de baño, con 506 puntos de mostraxe que se atopan en 114 concellos.

Destes 506 puntos de mostraxe, o 91,9 % obtivo unha clasificación sanitaria excelente. Trátase da mellor porcentaxe dende que se comezou a empregar o sistema de cálculo da clasificación sanitaria actual adaptado á normativa europea, en 2011, cando se situou no 70,7 %.

Durante 2021, o 6,3 % das zonas de baño obtiveron unha clasificación boa e o 1,2 % unha clasificación suficiente. Tan só no 0,6 % dos puntos de mostraxe analizados atopouse unha clasificación insuficiente. En xeral, obsérvase unha tendencia á mellora na calidade das augas de baño cada temporada, ao aumentar a porcentaxe de praias con clasificación sanitaria excelente e seguir en niveis mínimos aquelas con clasificación sanitaria insuficiente.

A vixilancia sanitaria realizouse no 100 % dos puntos de mostraxe censados. Todos os episodios de contaminación foron comunicados aos concellos implicados. Esta vixilancia é importante porque o uso recreativo das augas de baño pode ter perigos e riscos para a saúde dos usuarios. A contaminación bacteriana pode provocar gastroenterite ou enfermidades respiratorias nas persoas que se bañen en augas contaminadas. Aínda que

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

estas enfermidades raramente son graves, o número de persoas expostas pode ser elevado debido á importante tradición que existe en Galicia no uso das augas de baño.

No pasado ano tamén se fixeron inspeccións nas zonas de baño para comprobar o cumprimento da normativa de prevención da covid. As non conformidades máis observadas foron a ausencia de exposición da capacidade máxima e medidas de prevención, as relacionadas coas limitacións de acceso e capacidade máxima permitida, a ausencia de papeleiras a disposición do público e as relativas ao xel hidroalcohólico en aseos e vestiarios.

### **Desenvolvemento do programa**

A temporada de baño establécese, con carácter xeral, desde o 1 de xuño ata o 30 de setembro de cada ano. A vixilancia sanitaria das zonas de baño establécese mediante a mostraxe periódica da auga destas zonas incluídas no censo. Recóllense en total 10 mostras de cada zona, unha antes do inicio da tempada e as nove restantes ao longo desta cunha periodicidade aproximadamente quincenal.

Nas mostras de auga analízanse os parámetros microbiolóxicos enterococos intestinais e *Escherichia coli*. Ao final da temporada, cos resultados obtidos calculase a clasificación sanitaria de cada zona de baño mediante o sistema descrito na Directiva 2006/7/CE. Tamén se leva a cabo, en coordinación coas administracións competentes, a xestión do risco para a saúde derivado da exposición ás cianobacterias e ás súas toxinas nos encoros con zonas de baño.

Desde o inicio da temporada, informase da clasificación sanitaria das augas de baño e dos resultados microbiolóxicos obtidos nas mostraxes, na páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública e no mapa de zonas de baño de Galicia. Así mesmo, os resultados microbiolóxicos introdúcense no Sistema de información nacional de augas de baño (Náyade). Unha vez calculada a clasificación sanitaria final de cada zona de baño, publícase tamén na páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública. Deste xeito, facilítase que todos os usuarios das zonas de baño teñan información suficiente e fácilmente dispoñible sobre a calidade das augas.

No caso de augas con clasificación sanitaria insuficiente, a autoridade competente velará para que se adopten medidas que incluírán a prohibición do baño ou a recomendación de absterse deste, para evitar a exposición dos bañistas á contaminación. Tamén deberán determinarse as causas e motivos polos que non se acadara clasificación suficiente e adoptar as actuacións axeitadas para previr, reducir ou eliminar as causas de contaminación, ademais da comunicación á poboación desta información.

### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

### A XUNTA DESTINA 5,5 MILLÓNS DE EUROS PARA O NOVO SERVIZO DE MEDICINA NUCLEAR DO CHUO

- Fisicamente, estruturarase en catro áreas básicas e contará cun novo equipamento, no que destaca un equipo PET-TC, o primeiro que se vai instalar na provincia de Ourense, e que evitará o traslado de pacientes á Área Sanitaria de Vigo para a realización destas probas
- A obra forma parte do plan de actuacións deseñado para dotar a sanidade pública ourensá dun hospital renovado para dar resposta ás necesidades presentes e futuras, como a construción do novo edificio de hospitalización e a reforma do hospital materno-infantil que comeza este mes ou a reforma da UCI
- Os orzamentos da Xunta para o 2022 suporán un investimento de máis de 90 millóns de euros en tecnoloxía e equipamento sanitario que permitirán a renovación de dous aceleradores lineais, catro equipos TAC e un equipo de angiografía vascular, así como a incorporación dun novo equipo de angiografía neurorradiolóxica

A Xunta de Galicia vai investir un total de 5.528.978 euros para a construción e o equipamento dun novo Servizo de medicina nuclear no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense. En concreto serán 2.271.164 euros para a realización das obras e outros 2.987.813 euros para o equipamento de alta tecnoloxía desta unidade.

As novas instalacións, cuxo contrato de obra será licitado de inmediato, contarán cun prazo de seis meses para ser acometidas, desde o momento da adxudicación. Estructurado en catro áreas básicas, o novo servizo estará emprazado na planta -1 do Hospital Universitario de Ourense, segundo se recolle na reprogramación funcional do Plan director do CHUO, e estruturarase en catro áreas básicas. Terá unha área non protexida onde se sitúan as dependencias ambulatorias e de admisión; unha área radioprotexida, composta por dúas gammacámaras, sala técnica común, a sala de inxección e as esperas correspondentes e a cámara quente e residuos. A terceira área será a de terapia metabólica, cunha habitación, sala diferenciada para limpeza da área, oco para residuos sólidos e control de enfermaría; e por último unha área de PET-TC, independente e con entrada diferenciada. Todos os espazos blindaranse de maneira adecuada para a protección do paciente e do profesional.

No referido ao equipamento de alta tecnoloxía para este servizo, vanse adquirir dúas novas gammacámaras SPECT-CT que substituirán as existentes por obsolescencia tecnolóxica e un equipo PET-TC de nova dotación, o primeiro que se vai instalar na provincia e que evitará o traslado de pacientes á Área Sanitaria de Vigo para a realización destas probas. Este equipamento será financiado pola Unión Europea a

#### COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

través do Mecanismo de recuperación e resiliencia-Next Generation, adquiríndose a través do Plan de Inversión en equipos de alta tecnoloxía do Sistema nacional de saúde.

### **Investimentos en Ourense**

A construción desta nova unidade forma parte do plan deseñado para dotar a sanidade pública ourensá dun hospital renovado para dar resposta ás necesidades presentes e futuras polo que sigue apostando a Xunta. Logo do novo edificio posto en marcha en 2017, cun orzamento de 41 millóns de euros, continúaase a reforma integral do CHUO. Así, este mes comezarán as obras de construción do novo edificio de hospitalización e a reforma do hospital materno-infantil adxudicadas por 48 millóns de euros. A obra actuará sobre 33.000 m<sup>2</sup>, dos cales case 19.000 son de reforma e máis de 14.000 de nova construción. Isto supón un aumento da superficie do hospital dun 11 %.

Cómpre recordar que, xunto a isto, o Consello da Xunta autorizou en setembro a licitación conxunta de proxecto e obra para renovar e triplicar o espazo actual da Unidade de coidados intensivos do CHUO, por 9,4 millóns de euros. Ademais, no verán rematouse xa un plan funcional para construír un edificio administrativo e un novo edificio ambulatorio.

### **Renovación tecnolóxica na área de Ourense**

Os orzamentos da Xunta para o 2022 suporán un investimento de máis de 90 millóns de euros en tecnoloxía e equipamento sanitario para os centros da rede sanitaria pública galega, continuando o investimento de máis de 60 millóns dos orzamentos de 2021.

Froito deste investimento, no 2021 o CHUO incorporou cinco equipos radiocirúrxicos por valor de case 600.000 euros. En particular, incorporouse un equipo específico para cirurxía vascular cun valor de 200.000 euros que facilita a realización en Ourense de intervencións de maior dificultade como as de aorta torácica, a abdominal complexa, as carótidas ou as dos membros inferiores con patoloxía oclusiva.

En 2021 tamén comezou a funcionar no hospital ourensán un dos sete novos equipos DaVinci de cirurxía robótica que se incorporaron á sanidade pública galega e que xa permitiron realizar coa máxima precisión intervencións de uroloxía, cirurxía xeral e dixestiva ou xinecoloxía, coa previsión de iniciar neste mes as de otorrinolaringoloxía. Ademais, xa están resoltas as adxudicacións dos contratos que permitirán incorporar oito novos ecógrafos para o servizo de radiodiagnóstico do CHUO e outro para o seu servizo de urxencias.

## COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Cos orzamentos para 2022, ademais da mencionada adquisición do equipamento da unidade de medicina nuclear, a Xunta tamén levará a cabo neste hospital a substitución de dous aceleradores lineais do servizo de radioterapia e catro equipos TAC, a que se une a renovación do equipo de angiografía vascular que se complementará cun novo equipo de angiografía neurorradiolóxica.

Entre os investimentos tecnolóxicos realizados nos últimos anos neste hospital, destacan tamén a adquisición dunha nova resonancia magnética no ano 2020 ou a posta en marcha do novo laboratorio que comezou a funcionar en 2021, cun sistema de automatización intelixente, que ten mellorado os tempos de resposta nun 20 % para as mostras de urxencias e nun 30 % para as mostras hospitalarias e de primaria en bioquímica e inmunoquímica, o núcleo analítico de maior peso, e que ten agora capacidade para realizar ata 12.800 tests por hora.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n  
15704, Santiago de Compostela  
T. 981 541 238 / 42 / 51  
[comunicacion@xunta.gal](mailto:comunicacion@xunta.gal)  
[www.xunta.gal](http://www.xunta.gal)

